## **Pero Guterres**

## Rubrica

Muitos a que Deus quis dar mui bom sem e muit'alto linhag'e gram poder e muit'outro bem, polo seu plazer, de tod'esto me podem vencer bem - sei-m'eu aquesto e al sei de mi: ca tôdolos deste mundo eu venci d'amar, amando a que m'em poder tem.

A melhor dona e de melhor sem e mais fremosa que Deus fez nacer, essa sei de coraçom bem querer, mais de quantos donas quiserom bem nem querrám já; e pero éste assi, avém-m'ende o que eu nom mereci: gram desamor que m'ela por en tem.

Pero de a tant'amar, a meu sem mais de quantos outros Deus quis fazer nem quantos me cuidam dest'a vencer, venço-os eu, querendo-lhi gram bem; pero que nunca del'al entendi senom gram sanha, des quando a vi, e mal talante que contra mi tem.

E, senhor rei de Portugal, aqui julgad'ora se eu, amand'assi, dev'a seer desamado por en.

cantigas-stag.square-bit.com

© 18/12/2025